

ENFIANDO

XEMAÁ-EL-FNÁ



Texto Francisco X.
Fernández Naval

Escritor

Fotos Maribelongueira

E

n Marrakech, no corazón de Marrocos, hai unha praza, denominada Xemaá-El-Fná, recoñecida pola Unesco como patrimonio inmaterial da humanidade, cousa que convén recordar, agora que galegos e portugueses, representados en Ponte nas Ondas, contemos o alento, agardando que en setembro resolvan o desexado recoñecemento, tamén como patrimonio da Humanidade, da nosa cultura inmaterial común.

Non é o desta praza un espazo singular, non é nin sequera un espazo valorable pola súa arquitectura, catro mezquitas nos arredores, xardíns e unha muralla próxima non xustifican a súa singularidade, como tampouco afectan ó seu carácter os cumios do Atlas que recortan o ceo polo sur.

José Agustín Goytisolo, nun fermoso texto no que pretende interpretar o ser da praza, informa de que, como primeiro contacto con ela, a guía turística "Azul" aconsella subir

a unha terraza no solpor e contemplala dende arriba; sería este un contacto visual. A guía "Fodor" propón un achegamento a través dos mercados que a rodean, entrarlle polo olfato. As "Nagel", "Baedeker" e "Pol", recomentan deixarse levar polo xentío ata desembocar nela, o tacto, sen reparos. E aínda estaría o oído, que a praza, cos seus sons, convoca a todos dende lonxe, e tamén o azar, que leva ata alí, seguindo o ronsel da multitude, a todos os turistas e viaxeiros, aínda a aqueles que nada saben dela. E, porén, di Goytisolo, todas as guías minten, xa que á praza, como unha araña, un polbo, un cempés non hai por onde collela.

A praza é unha explosión de vida, abríndose e pechándose en órbitas, Xemaá-El-Fná é pombas, serpes, recendos equinos, moedas de dez dirhams que latexan nas mans coma unha salmodia ou coma unha esmola, botellas de auga, suores, zumes de laranxa, augadores, bolsas de plástico provocando ás cobras, sal, fume, larpeiradas de amendoa, alalás de sol, tambores, música de serpes, motocicletas, actores, saltimbanquis, constancia do ir e vir, e cantos, e soños, e a bandeira de Bretaña, e ollos que se ocultan tras un veo de nunca, monos, mans cifradas, nigromantes, anagramas, magos, Hamelin e os nenos, aromas de deserto, persecución das sombras. A praza e a música, se cadra, como comunicación máis fonda, aínda que menos precisa cá palabra, velaí os argumentos de que nos valem para transmitir e comunicar, sexa cal sexa a circunstancia e a condición do outro, dos outros, tamén na praza.

Aquí a palabra, as palabras, a literatura e a música, sobreviven ma-

lia o tempo e as súas modernidades. Tal vez os milleiros de persoas que a cada solpor se concentran aquí, carecen de televisión, cousa improbable, que en todos os tellados nacen antenas e xermolan parabólicas. O certo é que todos actúan como se non a tiveran. Un pode pensar que estamos diante dun espectáculo colectivo representado cada día para os turistas, protagonizado por algúns profesionais e por miles de figurantes, que reproducen o que foi e xa non é, pero ¿xa non é? Trinta ou corenta nenos sentados arredor dun vello que conta unha historia antiga sobre o home e o mundo, concentrados na súa boca, admirados polo que escoitan, ¿son ou non son verdade? Os grupos e as relacións, ¿son ou non son verdade?

Probablemente a meirande parte da xente que lle dá vida á praza é pobre, tanto dende a nosa valoración como dende a que poidan facer eles. Conservan sen embargo unha riqueza da que nós xa carecemos, o espazo compartido, o contacto, a vivacidade da narración, o vencello directo co pasado común. Son ricos neses outros valores que hoxe non cotizan, que xa sabemos que con iso non se come. Loitarán por acceder ó nivel adquisitivo que non teñen, por se incorporar a un mundo que lles negamos e lles impoñemos, paradoxo cruel do liberalismo económico. Emigrarán, con papeis ou sen eles e no camiño perderán ese patrimonio incalculable que é o ser, e axiña virá o desarraigo. Xemaá-El-Fná é o símbolo dunha liberdade imposible, dun mundo pasado que xa non ten posibilidades de ser. Xemaá-El-Fná é un espello no que xa nunca máis nos miraremos.



Arriba, imaxe nocturna da fermosa praza de Marrakech. Abaixo, un dos seus típicos augadores

